



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Prezo público excursións terceira idade tempada 2026/2027

ANUNCIO

Aprobación prezo público excursións da terceira idade tempada 2026/2027

Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vedra, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2026, aprobouse o prezo público para as excursións da terceira idade tempada 2026/2027, que se publica para xeral coñecemento:

ANEXO I

PREZO PÚBLICO EXCURSIÓNS TERCEIRA IDADE CURSO 2026/27

Artigo 1. Obxecto.

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ás excursións da terceira idade de acordo coas seguintes modalidades:

Excursións ordinarias: as realizadas de outubro de 2026 a xullo de 2027; dun día de duración (Ex. termas, visitas a lugares de interese de Galicia e norte de Portugal...)
--

Excursións extraordinarias: as excursións puntuais de varios días de duración realizadas de outubro de 2026 a setembro de 2027, que polas súas características precisan dunha definición específica do seu programa e prezo.
--

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento.

As actividades están dirixidas ás persoas empadroadas no concello de Vedra e cumpran algún destes requisitos:

- Maiores de 65 anos.
- Pensionistas de xubilación, invalidez ou viuvez maiores de 60 anos.

Serán persoas obrigadas ao pagamento as persoas beneficiarias da actividade.

Artigo 3. Contía.

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola asistencia é :

Excursións ordinarias de outubro 2026 a xullo 2027	35,00 €/excursión
Excursións extraordinarias de outubro 2026 a setembro 2027	Será o proposto polo servizo correspondente atendendo ao programa da excursión

Artigo 4. Normas de xestión.

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na tempada de excursións 2026/2027. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

- Excursións ordinarias: O cargo en conta dos recibos domiciliados realizaranse nos 10 días do mes seguinte ao que tiveron lugar as excursións.
- Excursións extraordinarias: O cargo en conta dos recibos domiciliados realizaranse nos 10 días seguintes a realización das excursións.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá á devolución dos ingresos por causas imputables ao concello, por non terse realizado as excursións.

Artigo 6. Lexislación aplicable.

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Vedra, 11 de setembro de 2026

O Alcalde

Asdo. Carlos Martínez Carrillo

2026/5949